



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



**Ban Te Gal**  
Bancode TerrasdeGaliza

- O Banco de Terras de Galiza (BANTEGAL) ten a súa orixe na Lei 7/2007, de 21 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a Conservación da Superficie Agraria Útil e do Banco de Terras de Galiza
- Foi publicada esta Lei no Diario Oficial de Galicia nº 104 de 31 de maio de 2007
  - Entrou en vigor o día 1 de xuño de 2007



# Principio xeral

- A terra é un factor de produción estratéxico e escaso
- Debe ser obxecto de aproveitamento:
  - Para a produción de bens dirixidos ao autoconsumo ou ao mercado
  - Para a xeración de bens de carácter medioambiental e de lecer dirixidos ao conxunto da sociedade



# Situación de partida

- Excesiva fragmentación nun elevado número de parcelas de pouca dimensión
- Forte redución do número de explotacións
- Abandono, con escasa transferencia da base territorial
- Continua redución da superficie agraria útil
- Perda dunha riqueza de interese social e público que un país non se pode permitir



# Situación de partida

## ➤ Consecuencias:

- Mínimo relevo xeracional
- Insuficiente base territorial para garantir un nivel de rendas suficiente a titulares e familias das explotacións agrarias



# Posibilidades

- Existe oferta potencial de terras libres procedentes de:
  - Fincas con vocación agrícola, en situación de abandono.
  - Terreos de persoas que abandonaron a actividade agraria por cambio de emprego ou por xubilación
  - Explotacións sen relevo na titularidade das explotacións
  - Terras traballadas en arrendamento devoltas ao propietario por fin do prazo
- Existe demanda potencial de terras libres por parte de:
  - Explotacións que pretenden ampliar a base territorial ao través de compras ou arrendamentos



# BANCO DE TERRAS

As claves



# Un Banco de Terras ?

- Para que ?
- Para quen ?
- Con que medios ?
- De que xeito ?
- Con que garantías ?





## Para que ?

- Poñer en valor as terras con aptitude agraria: aumentar a riqueza do país
- Recuperar e frear a perda de superficie agraria útil
- Mellorar e ampliar a base territorial das explotacións
- Evitar a grave situación de abandono, risco de lumes, danos a lindantes



# Para quen ?

- Explotacións que queiran aumentar a súa superficie agrícola
- Mozos e mozas que queiran dedicarse á actividade agraria
- Ampliación da base territorial de cooperativas agrarias
- Cooperativas agrarias que pretendan ampliar a súa base territorial
- Recuperación da actividade agraria en zonas afectadas polo envellecemento ou éxodo rural



# Con que medios ?

- **BANTEGAL:** Instrumento da Administración para a intermediación e xestión dos bens do Fondo de Terras
- **Comisión de Prezos:** Establecemento de valores de referencia, coa participación da Administración, sindicatos, cooperativas, FEGAMP...



# De que xeito ?

# (1)

- Creando un banco que faga as xestións necesarias para mobilizar as terras mediante **ARRENDAMENTOS**
- Un banco onde poidamos inscribir as nosas fincas permitindo que sexan arrendadas.
- Un banco onde os agricultores poidan solicitar fincas en aluguer para ampliar a súa base territorial
- Un banco áxil, con arrendamentos pactados entre cinco anos (mínimo) e trinta anos (máximo)



## De que xeito ? (2)

- O propietario ou titular dunha finca rústica ou explotación agraria poderá solicitar a incorporación desta ao BANCO DE TERRAS como cesión temporal de uso
- O Bantegal :
- Poderá realizar nas fincas cedidas e nas que integran o seu patrimonio, os labores de mantemento que considere precisos, antes ou despois do arrendamento, e en situacións de risco ou perigo
- O propietario:
- Poderá seguir a realizar a explotación da mesma, así como o cultivo, melloras e demais actuacións que considere precisas



## De que xeito ? (3)

- O propietario:
- Manterá sobre a finca os mesmos dereitos e obrigas respecto da propiedade, titularidade e responsabilidade patrimonial
- Poderá proceder a súa venda, doazón ou partición hereditaria, subrogándose no caso de que fose cedida en arrendamento
- Poderá cedela ou arrendala pola súa conta, sempre que o BANTEGAL non tivera disposto a súa cesión ou arrendamento
- As fincas que estean incluídas no BANCO DE TERRAS, agás que o BANTEGAL as teña cedido en arrendamento, non serán obxecto de sanción no caso de abandono



# Con que garantías ?

- Garantía de devolución ao propietario acabado o período de arrendamento
- Garantía de cobro do prezo establecido
- Garantía de devolución das terras en normal estado de uso



B+

# Banco de Terras de Galiza

- A garantía dun Banco Público.
- Con todas as garantías.



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL





# Banco de Terras de Galiza



- A garantía dun Banco Público.
- Con todas as garantías.



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

